

REBUILDING

Max Walker-Silverman, 2025

1761

ESTREA EN NUMAX: 05.06.2025 | V.O.S.E. | +7 | 95 min

Despois de que un incendio forestal arrasara a súa granxa, Dusty (Josh O'Connor), un pai divorciado, vese obrigado a comezar de novo nun campamento de casas rodantes habilitado polo goberno. En medio da dor, encontra unha inesperada rede de apoio nos seus novos veciños, mentres tenta recompoñer os lazos rotos coa súa exmuller Ruby (Meghann Fahy) e a súa filla Callie-Rose.

«O filme pode transformarse, durante pouco máis de 90 minutos, nun bálsamo ante o egoísmo, a falta de bondade e o individualismo imperantes»

Diego Brodersen, PÁGINA 12



Entrevista con Max Walker-Silverman: «O meu cinema é un acto de afecto, un intento de describir o mundo como podería ser»

Esta película, o mesmo que a túa anterior longametraxe, *A Love Song*, atopa a emoción a través de sinxelos momentos de conexión entre os personaxes. É ese un obxectivo consciente como artista? Cando escribo un guión, podo tardar moito tempo -anos- en atopar dúas cousas: unha imaxe e unha emoción; pero unha vez que as teño, as páxinas flúen rapidamente. Neste caso, a imaxe dun vello rancheiro tosco e o seu fillo pequeno levaba moito tempo na miña cabeza. Conducía e pensaba niso, escoitando esas doces e salvaxes cancións *country* doutro tempo que me fan sorrir e conmoverme á vez. O meu coche está en mal estado e vai amodo, así que tiña moito tempo para observar o mundo a través da fiestra.

Durante moito tempo só albiscaba escenas e personaxes, pero nada que me convencesese do todo. E entón, a imaxe dunha casa incendiada no bosque irrompeu na miña vida e pareceu desbloquear o resto. As escenas apareceron na miña mente e fun directo á biblioteca pública cos meus auriculares; seguía escoitando a mesma música, seguía sentindo a mesma melancolía e escribía a toda velocidade. O obxectivo é sentir, mentres escribo, o que quero que sinta o público. Supoño que non sempre o consigo, pero é o que intento. Seguirei escoitando as mesmas cancións e percorrendo as mesmas estradas, buscando sempre esa emoción que quero transmitir na película.

Teño dúas regras que me axudan: todos os personaxes son persoas decentes e todos intentan dicir a verdade. Por suposto, non sempre é así na realidade, pero así é como me gustaría que fose. Estou decidido a atopar xeitos de contar estas historias que non dependan dos dramas predicibles que se adoitan empregar: as pelexas, os berros, os abusos, os xiros argumentais esaxerados. Todo iso existe no mundo, pero quero ver se, ao reduci-lo, podo crear espazo para algo máis profundo e sutil. Rebecca Solnit escribe sobre como “falamos principalmente de emocións felices e tristes... pero talvez comprenderíamos mellor a nosa experiencia se pensásemos en termos de profundidade e superficialidade”. Espero que traballar deste xeito conecte co longo e nobre legado da imaxinación no cinema. É un acto de afecto. Un intento de describir o mundo como podería ser.

Medraches na zona rural de Colorado e rodaches as túas películas preto de casa. Esta película trata sobre o fogar, a familia e os nosos recordos de ambos. Hai persoas, lugares ou acontecementos da túa infancia que che inspirasen ao facer esta película? Encántame o Oeste rural, con todas as súas imperfeccións. Encántame pasear e contemplar cousas fermosas. Encántame coñecer xente cuxo profundo respecto pola terra e a historia impregna todo o que fai. Do mesmo xeito que estes personaxes, amo este lugar mesmo cando non debería. En moitas pequenas comunidades de montaña, as familias están dispersas e lonxe unhas doutras. É un lugar inhóspito para os anciáns e quen se muda alí adoita facelo para deixar algo atrás intencionadamente. Por iso, aos nenos cóidanos moitos tíos e tías "non oficiais". Eu, desde logo, fun un deles. Ningún dos personaxes está baseado explicitamente nunha soa persoa, pero todos eles pretenden ser como alguén con quen podería crecer, alguén que podería ser o meu amigo ou veciño. As señoras da igrexa que dirixían o coro. Os rancheiros que me levaban a lindar do gando. Os profesores de teatro hippies da montaña. Os anciáns rosmóns que vivían no bosque... E aínda que esta película non é autobiográfica, son fillo de pais divorciados. Fun un neno de dous fogares, sempre en desequilibrio, pero nos que sempre se tentaba dar o mellor. Os meus pais estaban, e seguen estando, desalineados en moitos aspectos, pero nunca no que respecta ao coidado polos seus fillos. Esta película non empeza aí, pero é exactamente onde remata.